

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO PROXECTO “AS LETRAS DE FLORENCIO” CO GALLO DA CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS 2022.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta secretaría xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Vilamartín de Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: *Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Vilamartín de Valdeorras para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, destacando o seu carácter singular e de interese público. As actividades do proxecto “As Letras de Florencio” inclúen proxectos expositivos, iniciativas de participación social, publicacións, programación no ámbito educativo, académico, musical e programación no exterior.

Por todo o anterior é o Concello de Vilamartín de Valdeorras o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

